

QUE TES QUE LEVAR PARA ACCEDER ÁS VISITAS E CHARLAS?

Ademais de interese e curiosidade, é imprescindible que presentes a CREDENCIAL correspondente de cada unha das visitas e das charlas, que che foi enviada ao teu correo electrónico no momento da inscrición.

No caso de que perderas a credencial ou esqueceras inscribirte, poderás asistir ás visitas e charlas unha vez que accedan as persoas con credencial, sempre que haxa prazas libres.

Persoal da organización fará o control de entrada e poderá solicitarche que acredites a túa identidade cun documento oficial.

No caso de precisar un xustificante de asistencia, deberás dar os teus datos a dito persoal, para que o Servizo Municipal de Educación remitácho por correo electrónico.

SE PRECISAS MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O TEU FUTURO ACADÉMICO E PROFESIONAL, DIRIXETE A:

REDE MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL

Espazo de Información Xuvenil – Fórum Metropolitano.
T: 981 18 42 94

Espazo de Información Xuvenil – Naves do Metrosidero.
T: 981 18 98 95 ext. 10701 e 10702

Espazo de Información Xuvenil – Centro Ágora.
T: 981 18 98 88 ext. 34324 e 34325

Telegram //Whatsapp: 606 36 23 66
cmix@coruna.gal
www.coruna.gal/informacionxuvenil
Horario: de luns a venres, de 10 a 14 e de 17 a 20 h sábados de 10 a 14 h

O persoal da Rede Municipal de Información Xuvenil atenderá especialmente consultas sobre os estudos artísticos e de FP, durante as datas das XOAP do 17 ao 24 de febreiro, así coma sobre estudos universitarios, bolsas, saídas profesionais e emprego xuvenil, ... e o resto do ano tamén.

E SE CHE INTERESAN OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS:

As sesións das mesas informativas sobre estudos universitarios realizadas nas Xornadas de Orientación 2023 que foron gravadas, podes consultalas no noso canal de YouTube:



NO NOSO CANAL DE YOUTUBE

SERVIZO DE ESTUDANTES – UDC

Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade Pavillón de Estudantes. Campus de Elviña, s/n, 15071 A Coruña.

T: 881 01 19 64 – 881 01 11 92 – 881 01 11 90 – 881 01 29 15
lerdcoruna@udc.gal www.udc.es
Horario: de luns a venres, de 08:30 a 14:30 h

ORGANIZA



COLABORAN

OS CENTROS PÚBLICOS DE FP DA CIDADE DA CORUÑA:

CIFP Ánxel Casal
CIFP Imaxe e Son
CIFP Paseo das Pontes
CIFP Someso
IES Agra do Orzán
IES A Sardiñeira
IES Fernando Wirtz Suárez
IES Eusebio da Guarda
IES Ramón Menéndez Pidal
IES Rosalía Mera
IES Urbano Lugo

AS ESCOLAS DE ARTES E SUPERIORES DE DESEÑO Pablo Picasso (A Coruña) e Mestre Mateo (Santiago de Compostela).

TI ELIXES!

II XORNADAS DE ORIENTACIÓN ARTÍSTICA E PROFESIONAL (XOAP) 2025

Se estás cursando ESO, bacharelato ou FP e desexas coñecer os ciclos formativos artísticos e de FP que se imparten na cidade da Coruña, así como os estudos superiores de deseño, esta é a túa oportunidade: participando nas **Xornadas de Orientación Artística e Profesional (XOAP)**.

Nestes intres os estudos de FP e ensinanza artística están en proceso de cambio cara a unha nova configuración, especialmente nas prácticas do alumnado, tanto nos centros de estudos coma nos centros de traballo.

Nestas XOAP tentaremos responder a moitas preguntas: Que é unha familia profesional e un ciclo formativo? Como é o sistema de acceso aos graos medio e superior? Cales son os módulos, os contidos e as saídas profesionais de cada ciclo? Que tipo de prácticas vanse facer nos centros educativos e cales nas empresas? Que é a FP básica? Que é o réxime xeral e o réxime modular? Que é a FP dual intensiva? A modalidade semipresencial? E os cursos de especialización?... Que ensinanza artística podo realizar? Que son os estudos superiores de deseño e o seu acceso e saídas profesionais?...

EN QUE CONSISTEN AS XOAP?

En coñecer de primeira man os estudos artísticos e de FP nos centros onde se imparten, a través de:

- **VISITAS GUIADAS** ás instalacións de cada un dos ciclos de FP e das ensinanza artística, complementadas con charlas informativas.

- Unha **PRESENTACIÓN DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO** que se poden cursar en Galicia; E **VISITA** á EASD Pablo Picasso.

- E unha **CHARLA SOBRE A FP BÁSICA**, dos ciclos que se imparten en 4 centros públicos de FP da cidade: CIFP Paseo das Pontes, CIFP Someso, IES Fernando Wirtz, IES Rosalía Mera e IES Urbano Lugo.

Ademais, recibirás por correo electrónico a guía TI ELIXES 2025, con información actualizada de estudos, bolsas e axudas de Educación Secundaria, Formación Profesional, Estudos Superiores e Universitarios, así como recursos na procura de emprego xuvenil.

CANDO TE PODES INSCRIBIR?

Do 20 de xaneiro ao 7 de febreiro as 14 h, se estás matriculado/a en **centros da cidade**.

Do 27 de xaneiro ao 7 de febreiro as 14 h, se estás matriculado/a en centros de **fóra da cidade**, se non estás matriculado/a nalgún centro ou es unha persoa adulta.

CANDO E ONDE SE CELEBRARÁN?

17, 18 e 19 de febreiro

CICLOS FORMATIVOS. VISITAS AOS CENTROS PÚBLICOS DE FP E A EASD Pablo Picasso.

Segundo o calendario que aparece neste folleto

Mércoles 19 de febreiro, ás 17:30 h

ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO EN GALICIA, na EASD Pablo Picasso (r/ Os Pelamios, 2).

Luns 24 de febreiro, ás 18 h

CHARLA SOBRE OS CICLOS DE FP BÁSICA, no Fórum Metropolitano (r/ Río Monelos, 1).

Esta charla, ademais de estar dirixida ao alumnado da ESO, tamén está aberta ás ANPAs e ao público interesado.

A QUEN DIRIXIRTE SE TES DÚBIDAS SOBRE AS XOAP?

Ao **SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN**

T: 981 18 42 00 ext. 10259
educacion@coruna.gal
www.coruna.gal/educacion
Horario: de luns a venres, de 9 a 14 h

Ao **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO TEU CENTRO DE ESTUDOS**

17, 18, 19 e 24 de febreiro 2025. A Coruña

COMO PODES PARTICIPAR?

Le atentamente a listaxe dos ciclos e as charlas que aparecen a continuación, selecciona os que che interesan e verifica que os solicitados teñan un horario compatible para asistir a todos eles.

Inscríbete en liña, a través da web www.coruna.gal/educacion



FICHA DE INSCRIPCIÓN XOAP 2025

No formulario indicarás o centro educativo no que estás matriculado/a, as visitas aos ciclos ou charlas as que queres acudir (identificadas cun código numérico), así como os teus datos persoais (pon especial coidado que o correo electrónico estea en minúsculas).

Unha vez feita a solicitude a aplicación elabora un pdf confirmando a túa inscrición, onde se incorpora a CREDENCIAL de acceso ás Xornadas. Este pdf, de confirmación e credenciais, envíase ao teu correo electrónico indicado no formulario.

Para resolver dúbidas e problemas sobre o proceso de inscrición en liña podes escribir a: gestionim@edu.coruna.es



TI ELIXES!

II XORNADAS DE ORIENTACIÓN ARTÍSTICA E PROFESIONAL (XOAP) 2025

CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ESTUDIOS ARTÍSTICOS

Visitas guiadas ás instalacións, con charlas informativas sobre o seu sistema de acceso, o seu contido e as súas saídas profesionais.

TI ELIXES!

II XORNADAS DE ORIENTACIÓN ARTÍSTICA E PROFESIONAL (XOAP) 2025

LUNS 17 de febreiro

● CIFP PASEO DAS PONTES – 16 h

- 1 CM Panadería, repostería e confeitaría
- 1 CM Elaboración de produtos alimentarios
- 1 CS Procesos e calidade na industria alimentaria

● CIFP PASEO DAS PONTES – 17 h

- 2 CM Servizos en restauración
- 2 CS Dirección de servizos de restauración

● CIFP PASEO DAS PONTES – 18 h

- 3 CM Cociña e gastronomía
- 3 CS Dirección de cociña

● IES ROSALÍA MERA – 16:30 h

- 4 CM Impresión gráfica
- 4 CM Preimpresión dixital
- 4 CS Deseño e xestión da produción gráfica
- 5 CM Instalacións eléctricas e automáticas
- 6 CS Mecatrónica Industrial
- 7 CM Mecanizado
- 7 CM Soldadura e caldeiraría
- 8 CM Instalación e amoblamento

● CIFP SOMESO – 16:30 h

- 9 CS Proxectos de edificación
- 9 CS Proxectos de obra civil
- 10 CM Mecanizado
- 10 CM Soldadura e caldeiraría
- 10 CS Construcións metálicas
- 10 CS Programación da produción en fabricación mecánica
- 11 CM Electromecánica de vehículos automóviles
- 11 CM Carrozaría
- 11 CS Automoción
- 12 CM Carpintaría e moble
- 12 CS Deseño e amoblamento
- 13 CM Peiteado e cosmética capilar
- 13 CM Estética e beleza
- 13 CS Estética integral e benestar
- 13 CS Estilismo e dirección de peiteado

MARTES 18 de febreiro

● IES FERNANDO WIRTZ – 16:30 h


- 14 CM Sistemas microinformáticos e redes
- 14 CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
- 14 CS Administración de sistemas informáticos en rede
- 14 CS Desenvolvemento de aplicacións web
- 15 CS Administración e finanzas
- 15 CS Asistencia á dirección
- 15 CM Xestión administrativa

● IES SARDIÑEIRA – 16:30 h

- 16 CM Operacións de laboratorio
- 16 CS Laboratorio de análise e control calidade
- 16 CS Química industrial

● IES AGRA DO ORZÁN – 16:30 h

- 17 CS Animación socio deportiva
- 17 CS Acondicionamento físico



● IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL – 17 h

- 18 CM Actividades comerciais
- 18 CM Comercialización de produtos alimentarios
- 18 CS Comercio internacional
- 18 CS Xestión de vendas e espazos comerciais
- 18 CS Transporte e lóxística

MÉRCORES 19 de febreiro

● IES URBANO LUGRÍS – 16:15 h

- 19 CM Instalacións de telecomunicacións
- 19 CS Sistemas de telecomunicación e informáticos
- 19 CS Automatización e robótica industrial
- 19 CS Sistemas electrotrónicos e automatizados
- 19 CS Mantemento electrónico
- 19 CM Instalacións eléctricas e automáticas
- 20 CM Mantemento electromecánico

● EASD PABLO PICASSO – 16:30 h

- 21 CS Fotografía
- 21 CS Ilustración
- 22 CS Dourado, prateado e policromía
- 22 CS Escultura aplicada ao espectáculo
- 23 CS Taller cerámico I e II (modular)
- 23 CS Taller de madeira

● CIFP ÁNXL CASAL – 17:30 h

- 24 CS Dietética
- 24 CS Audioloxía protésica
- 25 CS Hixiene bucodental
- 25 CS Próteses dentais
- 25 CS Documentación sanitaria
- 26 CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear
- 26 CS Radioterapia e dosimetría
- 27 CS Química e saúde ambiental
- 27 CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
- 27 CS Laboratorio clínico e biomédico
- 28 CM Coidados auxiliares de enfermaría
- 28 CM Atención a persoas en situación de dependencia
- 28 CM Farmacia e parafarmacia
- 28 CM Emerxencias sanitarias
- 29 CS Animación sociocultural e turística
- 29 CS Educación infantil
- 29 CS Integración social
- 30 CS Mediación comunicativa

● CIFP IMAXE E SON – 17:30 h

- 31 CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe
- 31 CS Son para audiovisuais e espectáculos
- 31 CS Producción de audiovisuais e espectáculos
- 31 CS Realizacións de proxectos audiovisuais e espectáculos
- 32 CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos

MÉRCORES 19 de febreiro

● EASD PABLO PICASSO – 17:30 h

- 36 ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO:



Deseño de interiores e Deseño gráfico (A Coruña).

Deseño de produtos e Deseño de moda (Santiago de Compostela).

LUNS 24 de febreiro

● FORUM METROPOLITANO – 18 h

- 35 CHARLA SOBRE A FP BÁSICA do CIFP Paseo das Pontes, CIFP Somo, IES Fernando Wirtz, IES Rosalía Mera e IES Urbano Lugo.



ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

Charla informativa sobre o seu sistema de acceso, o seu contido e as súas saídas profesionais; e visita guiada ás instalacións da EASD Pablo Picasso.

● CIFP PASEO DAS PONTES – 18 h

- 33 CS Patronaxe e moda
- 33 CM Confección e moda
- 33 CS Vestiario a medida e de espectáculo

● IES EUSEBIO DA GUARDA – 18 h

- 34 CS Axencia de viaxes e xestión de eventos
- 34 CS Guía, información e asistencia turísticas